

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a apertura de expediente para a esixencia de responsabilidade por danos á empresa adxudicataria das obras de renovación de cuberta con aproveitamento para uso administrativo, rehabilitación de fachada e incorporación de galería no Centro de Servizos Municipais (Fondo Estatal de Investimento Local).

Tamén se resolve o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local nº 8/681 e aclaracións no prego de cláusulas administrativas para a contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil.

Lugo, 13 de outubro de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García